

Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 21 de outubro de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 21/10/2025
- II. Asistentes á CGIC do 21/10/2025
- III. Rexistro *R1 MC-05 Informe de Resultados de Satisfacción Propios do centro* (persoas egresadas no curso 2023/2024)
- IV. Rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando* (curso 2023/2024)
- V. Rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección* (curso 2023/2024)
- VI. Rexistros *R3 DO-0201 Informes de Coordinación das titulacións do centro* (curso 2024/2025)
- VII. Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2024/2025), correspondente ao rexistro *R1 DO-0202 Plan de promoción do centro*
- VIII. Rexistro *R2 DO-0203 Informe final de avaliación do PAT-ANEAE* (curso 2024/2025)
- IX. Rexistro *R1 DO-0204 Listaxe das entidades para a realización de prácticas externas* (curso 2024/2025)
- X. Rexistros do procedemento *DO-0205 Xestión da mobilidade* correspondentes ao curso 2024/2025:
 - a. *R1 DO-0205 Listaxe de estudiantado propio seleccionado*
 - b. *R2 DO-0205 Listaxe de estudiantado de mobilidade alleo.*

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2025.**

Envíouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC. Apróbase por asentimento e será publicada na web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador de Calidade

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ **Comunicacións coa Área de Calidade**

✓ **Rexistros do SGIC**

- 18/07 Detectouse un erro nos datos por centro no informe do último DOCENTIA quinquenal publicado. Solicitouse á Área de Calidade a revisión do informe, xa que este debe recollese no rexistro *R1 PE-02 Informe de resultados institucionais*. O informe foi corrixido e publicado de novo.

- ✓ **Cadro de Mando 2023/2024**
 - 18/07 Trasládáronse á Área de Calidade as discrepancias atopadas entre os datos recollidos no cadro de mando para o indicador *I6-AI % Participación do PDI en Grupos de Innovación Docente* (por titulacións), e os proporcionados anteriormente (por centro) no proceso de elaboración do Autoinforme para a renovación da Acreditación Institucional. Tras varios intercambios de información, revisión dos datos e do proceso de cálculo, e unha reunión, o tema aínda segue aberto.
 - 03/10 Consulta de varias dúbidas sobre os indicadores de centro; recíbese a resposta o 06/10.
- ✓ **Acreditación Institucional**
 - 12/09 A Directora da Área de Calidade traslada notificación da ACSUG na que se propón o 9 de outubro como data para a visita da comisión. Solicitouse máis tempo para a preparación da visita e finalmente se acordou fixala para o 13 de novembro. Aínda está pendente a achega do plan da visita.
- ✓ **Enquisas Avaliación Docente (EAD) 2024/2025**
 - 06/10 Infórmase a todo o profesorado de que están dispoñibles para a súa consulta os resultados provisionais das EAD do curso 2024/2025. Parece que a participación foi moi baixa xa que varios/as profesores/as comentaron que non teñen enquisas realizadas.
- **Comunicacións coa UAP**
 - ✓ 10/07 Resposta do responsable da Unidade de Análises e Programas ao escrito achegado dende o centro sobre á inconsistencia detectada nas táboas que xera a aplicación QSP para o informe periódico. No escrito repasa a normativa e sinala que o feito de ter que pedir un informe "acurta" o tempo efectivo para elaborar a resposta final, xa que o regulamento non prevé a suspensión dos prazos mentres se espera por ese informe. Indica que, na práctica, se se gastan 3 días en aceptar e 7 en recibir o informe, só quedarían 5 días para redactar a resolución. Queda pendente revisar ben a normativa, os prazos (se se contemplan ou non días hábiles) e responder ao escrito.
 - ✓ 11/07 Resposta do responsable da Unidade de Análises e Programas á consulta feita dende o centro en relación aos informes REN.MAT. Aclara o método de cálculo e indica que revisaron os cálculos dos datos para as materias indicadas dende o centro, achegando algúns detalles dos mesmos. Os datos publicados agora no Portal de Transparencia para ditas materias son correctos.
 - ✓ 24/09 Reunión convocada pola Directora da Área de Calidade para tratar a revisión do procedemento de cálculo dos indicadores DOC, MER y FOR para

ter en conta de forma axeitada ao profesorado correspondente ás materias comúns a varias titulacións, en resposta as reiteradas solicitudes do centro polo caso dos graos que se imparten na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Na reunión participaron a Directora da Área de Calidade, o responsable da Unidade de Análises e Programas (UAP), un técnico da UAP, o Director da Área de Análise Estratéxica Docente e o Coordinador de Calidade da EME. Debátense os detalles que se deben ter en conta e ponse en marcha o proceso. Agárdanse ter os primeiros resultados para os indicadores do curso 2024/2025 ao longo do mes de outubro; ofrécese a colaboración da escola na fase de comprobación dos resultados.

➤ **Actas en SIGMA**

- ✓ 14/07 Achégase unha consulta á Directora Académica de SIGMA, Teresa Amoedo, relativa ás dúbidas suscitadas polos erros detectados nos indicadores REN.MAT sobre como se rexistran nos expedientes do alumnado as cualificacións introducidas nas actas das diferentes oportunidades. Non houbo resposta, aínda que tras a revisión dos indicadores parece que todo é correcto.

➤ **Espazos de coordinación en MOOVI**

- ✓ 16/07 a 30/09. Levouse a cabo o proceso de configuración dos novos espazos EME-GRUPOS e EME-INFO e carga do estudantado coa colaboración do Director da ATIC, Juan Aguiar, a quen se agradece o seu traballo.
- ✓ 19/09 Reunión coas persoas coordinadoras de curso, coordinadora do PAT-ANEAE e titores/as de PAT, para presentar os espazos de información e coordinación dispoñibles este curso, con especial mención ao novo espazo unificado EME-INFO.

➤ **Rexistros do SGIC - Curso 2024/2025**

- ✓ R1 PE-02 Informe de Resultados Institucionais (publicado o 12/06/2025).

3. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 MC-05 Informe de Resultados de satisfacción propios do centro (persoas egresadas no curso 2023/2024).*

A Presidenta lembra que no centro se estableceu un indicador específico propio, relativo ao desenvolvemento das materias TFG/TFM, co obxecto de dispor dunha valoración do desenvolvemento destas materias. Para elo habilitouse unha enquisa en colaboración coa Área de Calidade. A continuación amosa o informe da enquisa (ANEXO III) e o comenta brevemente incidindo na participación e nos resultados obtidos en cada titulación.

A comisión aproba o rexistro por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2023/2024)*.

A Presidenta lembra que é o cadro de mando e sinala que é a primeira fase no proceso de revisión anual das titulacións. Amona o documento (ANEXO IV) e comenta a súa estrutura, indicando que recolle a recompilación dos indicadores do curso 2023/2024 xunto cos dos dous cursos anteriores a modo de referencia. A continuación salienta os aspectos máis relevantes, sinalando as diversas fontes das que proceden os indicadores e os datos utilizados e comenta o proceso de revisión tanto dos datos como dos cálculos incluídos no excel.

Jesús Rico indica que le parece un moi bo traballo de recompilación e análise. Por outra banda sinala que, segundo lle comentaron na Axencia de Calidade de Madrid, as novas directrices desaconsellan utilizar os indicadores das taxas de graduación, éxito e eficiencia como referencia da calidade dun título e pregunta se está en marcha algún plan para reavaliar os indicadores recollidos, ou se se vai seguir como ata agora. A Presidenta responde que supón que será algo propio da Comunidade de Madrid, porque desde ACSUG non se trasladou ningunha pauta neste sentido.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2023/2024)*.

Agradécese o traballo realizado por Guillermo García.

5. Aprobación, se procede, do rexistro do rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2023/2024)*.

A Presidenta lembra que, previamente, se achegou o documento (ANEXO V) aos membros da comisión. Lembra a idea e a utilidade do IRPD e, a continuación, amosa e comenta a estrutura xeral do informe, que é similar á do curso anterior, salvo pola non inclusión das táboas correspondentes ao cadro de mando.

A continuación sinala os principais aspectos, comentando os seus datos e facendo unha breve análise de cada un dos epígrafes.

Da sección dedicada ao centro destaca a acción de mellora definida sobre a publicación da web en inglés, importante sobre todo para as titulacións de Máster Universitario da Escola.

Amona tamén as seccións dedicadas a cada titulación, salientando as principais valoracións, a situación das accións de mellora abertas e as propostas de novas accións de mellora.

Finalmente indica as conclusións do informe. Propón a aprobación delegando na dirección a última revisión do documento para corrixir as últimas erratas detectadas

A Comisión aproba por asentimento o rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2023/2024)*.

Agradécese a Guillermo García e Carmen Romo o traballo realizado na recompilación da información e na elaboración do documento.

6. Aprobación, se procede, dos rexistros *R3 DO-0201 Informes de Coordinación das titulacións impartidas no centro (curso 2024/2025)*.

A Presidenta amosa os informes de coordinación das dúas titulacións de grao e das dúas titulacións de máster (ANEXO VI), que foron achegados con antelación, indica a súa estrutura e contidos e salienta os seus principais aspectos.

Apróbanse, por asentimento, os informes de coordinación das dúas titulacións de grao.

A Presidenta agradece o traballo realizado ás persoas coordinadoras de curso, titulación e calidade.

7. Aprobación, se procede, do rexistro *R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia (curso 2024/2025)*.

A Presidenta sinala que se fixo unha revisión do procedemento para seguimento e control da docencia pero considerouse máis axeitado non modificalo ata a implementación dun sistema eficiente de control da docencia na UVIGO. En relación a este sistema lembra que se fixeron varias solicitudes á universidade o curso pasado pero aínda non houbo resposta.

En relación ao seguimento e control da docencia indica que, no curso 2024/2025, non se rexistrou ningunha incidencia.

A comisión aproba por asentimento o rexistro.

8. Aprobación, se procede, do *Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2024/2025)* correspondente ao rexistro *R1 DO-0202 Plan de Promoción do Centro*.

A Presidenta sinala que o rexistro (ANEXO VII) recolle un resumo das actividades de promoción do centro desenvolvidas ao longo do curso pasado e das que xa se foi informando en Xunta de Escola a medida que se realizaron. Sinala que o informe foi elaborado por Raquel Pérez Orozco, responsable do *Plan de Promoción das titulacións do centro* a quen agradece o traballo e a súa dedicación á difusión do centro. Estende o agradecemento a todas as persoas que colaboraron e participaron nas actividades de promoción das titulacións.

Amosa o informe e cede a palabra a Raquel Pérez Orozco quen o comenta brevemente, salientando a colaboración de Francisco Deive, as cifras de alumnado atendido nos diferentes tipos de actividades e a valoración final.

A comisión aproba o rexistro por asentimento.

A Presidenta reitera o agradecemento a Raquel Pérez Orozco e a todas as persoas que colaboraron nas actividades de promoción das titulacións do centro.

9. Aprobación, se procede, do rexistro *R2 DO-0203 Informe final de avaliación do PAT-ANEAE* correspondente ao curso 2024/2025.

A Presidenta amosa e comenta o informe (ANEXO VIII) detallando os puntos principais e destacando a utilidade dos espazos INFO en Moovi para información e orientación ao estudantado.

Sinala que o informe foi elaborado por Ana Rodríguez, coordinadora do PAT-ANEAE do centro; agradécelle o traballo realizado e o estende a todas as persoas titoras do PAT.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro.

10. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DO-0204 Listaxe das entidades para a realización de prácticas externas (curriculares e extracurriculares)* correspondentes ás titulacións impartidas no centro (curso 2024/2025).

A Presidenta amosa e comenta o informe (ANEXO IX) resaltando os puntos principais. Lembra que na sesión anterior se aprobou a listaxe correspondente ao curso 2023/2024 e que agora se trata da listaxe correspondente ao curso 2024/2025.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro.

A Presidenta agradece a Carmen Romo o traballo realizado.

11. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO-0205 Xestión da mobilidade correspondentes ao curso 2024/2025:

- ***R1 DO-0205 Listaxe de estudantado propio seleccionado***
- ***R2 DO-0205 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo***

A Presidenta cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de Relacións Internacionais, quen elaborou os documentos (ANEXO X) e sinala que o primeiro resume a mobilidade do alumnado do centro, incluíndo os programas Erasmus+ KA103, SICUE e ISEP, e o segundo recolle a mobilidade do estudantado alleo con docencia maioritaria nas titulacións impartidas neste centro.

Estudantado	Titulación	Curso 24/25	Curso 23/24	Curso 22/23
Propio	GEE	5	4	6
	GERME	3	0	0
	MUEM	0	1	1
Alleo	GEE	5	2	1
	GERME	2	6	7
	MUEM	0	1	1

A Comisión aproba por asentimento os dous rexistros do procedemento DO-0205.

Agradécese a Francisco Deive o seu traballo de orientación, planificación e elaboración dos plans docentes para a mobilidade do alumnado.

12. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 57 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e un de outubro de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 21/10/2025

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 21 de outubro de 2025, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2025.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 MC-05 Informe de Resultados de satisfacción propios do centro (persoas egresadas no curso 2023/2024)*.
4. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2023/2024)*.
5. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2023/2024)*.
6. Aprobación, se procede, dos rexistros *R3 DO-0201 Informes de Coordinación* das titulacións impartidas no centro (curso 2024/2025).
7. Aprobación, se procede, do rexistro *R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia (curso 2024/2025)*.
8. Aprobación, se procede, do *Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2024/2025)* correspondente ao rexistro *R1 DO-0202 Plan de Promoción do Centro*.
9. Aprobación, se procede, do rexistro *R2 DO-0203 Informe final de avaliación do PAT-ANEA* correspondente ao curso 2024/2025.
10. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DO-0204 Listaxe das entidades para a realización de prácticas externas (curriculares e extracurriculares)* correspondentes ás titulacións impartidas no centro (curso 2024/2025).
11. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO-0205 Xestión da mobilidade correspondentes ao curso 2024/2025:
 - *R1 DO-0205 Listaxe de estudiantado propio seleccionado*
 - *R2 DO-0205 Listaxe de estudiantado de mobilidade alleo.*
12. Rogos e Preguntas.

Vigo, 14 de outubro de 2025

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(* **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DL6QsL (ele-De-Ele-De-6-Quese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara pégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 21/10/2025

Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade

21 de outubro de 2025

Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
María Araújo Fernández	Calidade Máster XSA
Raquel Pérez Orozco	Representante do PDI
Juan Jesús Rico Fuentes	Representante do estudantado egresado
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Luisa Álvarez Zaragoza	Representante da Sociedade (suplente)
Escusan a súa asistencia	
Ana Rodríguez Rodríguez	Coordinadora do PAT/PIUNE
Diego López González	Representante da Sociedade

ANEXO III

*Registro R1 MC-05 Informe de Resultados de Satisfacción Propios do centro
(persoas egresadas no curso 2023/2024)*

ANEXO IV

Rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2023/2024)*

ANEXO V

Rexistro R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2023/2024)

ANEXO VI

Rexistro R3 DO-0201 Informes de Coordinación das titulacións do centro (curso 2024/2025):

- a) Informe de Coordinación do GEE
- b) Informe de Coordinación do GERME
- c) Informe de Coordinación do MUEM
- d) Informe de Coordinación do MUXSA

ANEXO VII

Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2024/2025), correspondente ao rexistro R1 DO-0202 Plan de promoción do centro

ANEXO VIII

Rexistro *R2 DO-0203 Informe final de avaliación do PAT-ANEAE*
(curso 2024/2025)

ANEXO IX

**Rexistro *R1 DO-0204* Listaxe das entidades para a realización de prácticas
externas (curso 2024/2025)**

ANEXO X

Rexistros do procedemento DO-0205 Xestión da mobilidade correspondentes ao curso 2024/2025:

- a. *R1 DO-0205 Listaxe de estudantado propio seleccionado*
- b. *R2 DO-0205 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo*